

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE CERDIDO CON DATA 28 DE SETEMBRO DE 2023

En Cerdido, sendo as 20:30 horas do día 28 de setembro de 2023 reúnense na Casa do Concello, ao obxecto de celebrar a sesión pública extraordinaria urxente e en primeira convocatoria.

Preside: D. Alberto Rey Paz

Asisten:

D<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez  
D. Darío Santalla López  
D. Jose Manuel Luaces Piñón  
D. Diego Graña Pérez  
D. Julián Blanco Rodríguez

Secretaria-interventora: María del Carmen Sanmillán Villar

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na ORDE DO DÍA:

### **1. Aprobación da urxencia da sesión.**

Aberto o acto, o Sr. Alcalde en cumprimento co disposto no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que é aprobado o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, manifesta que o primeiro punto a tratar é o pronunciamento sobre a urxencia da sesión. Éste da conta de que a urxencia ven motivada pola esixencia imposta pola Deputación Provincial de A Coruña de enviar en prazo (o prazo vence o día 29.09.23) un certificado de acordo plenario no que se aprobe a solicitude do que resta por tramitar na segunda fase do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2/2023 (2ª fase do POS+ ADICIONAL 2/2023)

A continuación toma a palabra D. Julián Blanco Rodríguez que expón que este xeito de celebrar o pleno pola vía de urxencia está pensado para outro tipo de urxencias coma por exemplo unha catástrofe natural, e que a aprobación da solicitude dunha subvención debiera ter sido planificada con máis antelación e non cun prazo inferior ás 48 horas. Esta inmediatez na convocatoria do Pleno foi a que provocou que o resto dos seus compañeiros non puideran asistir a este Pleno por ter compromisos laborais que non puideron aprazar. En consecuencia, espera que en sucesivos trámites se sigan os cauces e os trámites que hai que seguir regulamentariamente.

A continuación o Sr. Alcalde toma a palabra para sinalar que a celebración dun pleno extraordinario urxente non ten un prazo mínimo de urxencia para a súa convocatoria.

O Sr. D. Julián Blanco Rodríguez toma a palabra para expoñer que ten que estar xustificada a urxencia, e non xustificarse no feito de que se pase o prazo para solicitar unha subvención.

Toma a palabra o Sr. Alcalde que expón que estivo o Concello sen Secretario e que a nova Secretaria comenzo no posto o venres pasado, e que o importe da subvención é unha cantidade importante como para deixalo pasar.

A continuación procédese a votar a urxencia co seguinte resultado:

Votos a favor: 5

Votos en contra: 1

Abstencións: 0

## **2. Proposta aprobación da segunda fase do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2/2023 (2º fase do POS+ADICIONAL 2 /2023).**

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen fai unha explicación do reparto dos aproximadamente 139.000 euros que se van a investir en gasto corrente, repartidos do xeito que se expón na documentación que foi posta a disposición dos concelleiros.

A continuación pásase a votar a proposta co seguinte resultado:

Votos a favor: 6

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión sendo as 20:40 horas, do que eu coma Secretaria-inteventora dou fe.

A Secretaria

M<sup>a</sup> del Carmen Sanmillán Villar

O Alcalde

Alberto Rey Paz